



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

PROXECTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PARA O CURSO 2017-2018

SUMARIO

PRELIMINAR	3
INTEGRANTES DO EDLG	4
A) BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	5
A contorna sociolingüística do IES San Tomé de Freixeiro	5
A situación do profesorado	7
A situación do alumnado	8
A situación lingüística do centro.....	9
B) DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS	10
Obxectivos referidos á contorna do centro	10
Obxectivos referidos ó profesorado	11
Obxectivos referidos ó alumnado	12
Obxectivos referidos ó centro	13
C) DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.....	15
Actividades relacionadas coa contorna do centro.....	15
Actividades relacionadas co profesorado	16
Actividades relacionadas co alumnado.....	16
Actividades relacionadas co centro	18
CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES: SECUENCIACIÓN E ORZAMENTO	19

PRELIMINAR

A modo de programación inicial de curso, como se se tratar dun departamento didáctico máis, presentamos este documento, querendo deixar claro que a información que se expón neste proxecto, —por razóns obvias— non se pode ater ós parámetros de elaboración dos proxectos didácticos dos diferentes departamentos do centro. Como consecuencia, o presente documento establecerá obxectivos e propostas de actividades suxeitas a dispoñibilidades, ofrecementos, achegas de actividades, actos culturais... que poderán aparecer ó longo do presente curso 2017-2018 e poidan resultar de interese para a consecución de todos e cada un dos obxectivos que se relatan ó longo das páxinas que veñen a seguir.

Desde hai xa ben anos véñense desenvolvendo no IES San Tomé de Freixeiro actividades e iniciativas dirixidas a potenciar o coñecemento e uso da que sen dúbida é a manifestación máis senlleira da nosa cultura: a lingua galega. O labor a prol deste ben tan prezado debería ser tarefa de toda a comunidade educativa que, a través das diferentes directivas, boa parte do profesorado (non todo) e o alumnado quixeron pór curso tras curso na medida das súas posibilidades o seu gran de area no proceso de regularización, normalización e dinamización da lingua galega. Nunca foi un labor fácil, máis ben todo o contrario, pero que merece a nosa perseveranza porque consideramos toda lingua como o ben máis prezado e democrático da manifestación cultural dun pobo, así coma o seu sinal de identidade máis senlleiro nun universo multicultural e vario, como varia é a natureza dos seres humanos desde a orixe dos tempos. Con todo e iso, este razoamento, que nos parece tan evidente, segue a ser negado sistematicamente por moitos por membros da nosa sociedade, desde o entorno máis próximo ata o máis xeral.

Aínda que no noso centro existiron desde sempre iniciativas a favor da nosa lingua e da nosa cultura, case sempre de tipo individual e carácter voluntarista, o EDLG do IES San Tomé de Freixeiro vén funcionando, desde a creación dos primeiros equipos de normalización lingüística e seguira facendo coa finalidade de acadar todos os obxectivos propostos, sempre que as autoridades educativas o consideren oportuno.

Por esta razón, e porque a dinámica de cursos precedentes ha ser aproveitada e a actividade retomada e revisada de xeito que sirva para a consecución dos obxectivos perseguidos, este proxecto busca consolidar un método de traballo que se poida levar a cabo de forma continuada no presente curso escolar e nos cursos posteriores, polo que deberá se considerado sempre **continuación e proxección** á vez, isto é, parte dun plan progresivo e plurianual. Nese sentido tan particular ten, se así o queremos ver, certo carácter de «avaliación continua».

Por último, cómpre sinalar que durante este curso escolar (2017-2018) volve haber cambios na composición dos membros do noso EDLG, que pasa a estar integrado polos membros que se citan no seguinte apartado.

INTEGRANTES DO EDLG

Segundo as directrices do Decreto 79/2010, do 20 de maio (DOGA nº 97 de 25 de maio de 2010), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o EDLG do IES San Tomé de Freixeiro está constituído por profesorado, alumnado e persoal non docente, que actuará baixo a supervisión da dirección do centro, sendo elixidos conforme as premisas legalmente establecidas pola lei: o profesorado, segundo proposta do claustro de profesores; o alumnado, por proposta das súas asociacións máis representativas; e o persoal non docente, por proposta deste persoal, sendo a directora do centro a responsable do seu nomeamento. A dirección do EDLG correrá a cargo dun coordinador, membro do claustro do IES San Tomé de Freixeiro.

Os integrantes son os seguintes:

Coordinador:

Miguel Doiro Taboada (Lingua galega e literatura)

Membros do profesorado:

Ramona Sotelo Lorenzo (CC SS Xeografía e historia)

Diego Bouzón Caamaño (Música)

María Avelina Rodríguez Gil (Inglés)

Membros do alumnado:

Carmen Castaños Gómez (2º A ESO)

María Alonso Castro (1º bacharelato E)

Esther Porrit Marchena (2º bacharelato E)

Membros do persoal non docente:

José Ramón Álvarez Álvarez

A) BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

A contorna sociolingüística do IES San Tomé de Freixeiro

Concibido nas súas orixes como centro feminino, o IES San Tomé de Freixeiro data de mediados do século XX (1962) e constitúe un dos referentes educativos máis importantes dun dos eixos da cidade de Vigo, As Travesas, polo que presenta as características propias dun centro urbano.

A cidade de Vigo caracterízase por estar mudando axiña desde unha sociedade semiurbana e autóctona, na que os barrios e as actividades tradicionais tiñan moita importancia, a unha sociedade urbana e cosmopolita que ofrece e, de feito reflicte, modos de vida máis propios das grandes urbes. Alén de circunstancias persoais concretas, hoxe en día é case posible vivir as 24 horas do día en Vigo sen escoitar falar galego, dependendo dos ámbitos da cidade nos que un se mova. A este feito contribúe a actividade cada vez maior do sector de sevizos que, entre outras moitas cousas, propicia a presenza de moitas persoas de diversas procedencias xeográficas e que lle dá un selo cosmopolita á cidade.

A burguesía viguesa é esencialmente económica, moitos deles con apelidos non galegos, que representan un modelo non galeguizador e mesmo contrario a este proceso. Hoxe en día a clase empresarial viguesa está dirixida por un colectivo no que predominan as actitudes antiautonómicas e defensoras do centralismo en aras dunha pretendida rendibilidade dunha malinterpretada globalización mundial. Ó abeiro destes sectores apareceron na cidade algúns sectores belixerante contra a lingua e a cultura galegas apoiados por estratos sociais que gozan de poder e influencia, coas repercusións mediáticas que isto comporta, o que vén contrastar co escaso apoio, mesmo por parte das institucións que deberían velar pola defensa e normalización do idioma galego, co que conta toda actividade normalizadora, que se volve tremendamente dificultosa, semella un exercicio esteril e que só pretende venderse como imaxe de preocupación e atención institucional ó idioma de noso. Sobre este particular, serían case incontables as actuacións (mesmo lexislativas) que así o confirmarían, pero non cómpre incidir aquí nun debate inútil.

Unha das consecuencias do anterior é a desgaleguización progresiva e acelerada que se manifesta na sociedade viguesa, especialmente entre a mocidade. Este feito refírese tanto ós feitos máis informais, da vida cotiá (verdadeiro termómetro da vitalidade dunha lingua), coma ás manifestacións formais. Esta é unha realidade cada día máis patente que resulta difícil de transformar e que, dalgun xeito, se quere ocultar. Un aspecto grave desta situación é que nun ambiente urbano os aspectos formais son moito máis importantes ca en contextos menos urbanos, nos que as comunicacións e relacións adoitan ser máis próximas e informais.

A presenza da lingua e cultura galegas na sociedade é escasa. O comercio, os medios de comunicación, as administracións, a publicidade... a pesar das excepcións, é evidente que aínda non ofertan as posibilidades de que o galego non presente trazos de lingua minorizada. No caso da mocidade, os modelos que seguen e os atraen (traídos do mundo anglosaxón e a mímese deste a nivel de Estado español), están aínda máis afastados e supoñen un reto enorme no proceso normalizador, condenado ó fracaso de non intervir as institucións local, autonómica e estatal.

Cómpre ter en conta que a vía seguramente máis poderosa que actuaba no pasado, a transmisión familiar de valores e modos de vida —segundo moitos especialistas—, hoxe en día están a vivir unha profunda crise.

A situación do profesorado

O claustro do IES San Tomé é relativamente numeroso: contamos 60 profesores, número moi inferior ó que houbo en tempos, resultado da diminución dos integrantes do claustro nos últimos cursos a causa, entre outras, da desaparición do réxime de estudo de adultos e máis dos recortes dos últimos tempos de crise.

O número de alumnos e alumnas (moi preto dos 800) do IES San Tomé de Freixeiro permítenos observar unha boa panorámica da diversidade representativa da sociedade viguesa. Polo que atinxe á lingua, podemos atopar no mesmo todas as actitudes posibles de cara á lingua galega: desde as máis colaboradoras e positivas (escasas e marcadas polo resto da comunidade escolar, proba da consideración de «anomalía» que supón o uso do galego no centro) ata aquelas outras que operan máis ou menos disimuladamente a prol do descrédito e desaparición do galego sen o menor pudor. Con todo e iso, un aspecto importante é a renovación e transformación de boa parte do claustro desde as posturas moi conservadoras de hai uns anos a outras máis comprensivas e colaboradoras na actualidade. Este feito non supón sempre un pulo dinamizador da lingua, pois en moitos casos as incorporacións proveñen de fóra de Galicia ou do propio territorio e ás veces non ten lugar a identificación e compromiso co uso do galego.

Esta diversidade calla nun ambiente enrarecido sobre o tema do uso do galego. Publicamente é un tema controvertido, o que provoca que o tratamento sexa evitado e que se pretenda desprazar a cuestión a ámbitos individuais, onde as posturas, prácticas e decisións sexan só persoais e derivadas do posicionamento individual. As iniciativas en favor da lingua galega son mesmo vistas por un reducido sector como unha terrible agresión á malentendida e manipulada concepción da «liberdade individual», sen caer na conta que o cidadán é a materia substancial da sociedade e que, nesa situación, deberá atender ó ben social e as obrigas que comporta, mesmo cando estas non sexan do seu agrado. Pola contra, hai profesorado que está de acordo coas iniciativas a prol da lingua e que brindan o seu apoio e colaboración sen ningún tipo de pexas. Ningunha das posturas está en situación de impor os seus criterios. Un exemplo é a aplicación do decreto sobre materias en galego. A aplicación, despois dunha traballosa negociación, quedou establecida nos mínimos legais e cun compromiso de alternancia das materias que se impartirán en galego, tal como se recolle nos documentos oportunos. Segundo a nosa impresión, non se acada o cumprimento dos mínimos en cuestión de materias que deben ser impartidas en lingua galega. Pero este EDLG non ten encomendado o papel de control que corresponde a outras instancias.

A situación do alumnado

O alumnado deste centro ten unha procedencia e comportamentos netamente urbanos, cunha gran variedade de referencias, procedencias culturais e sensibilidades diferenciadas. Respecto á lingua e culturas galegas presenta un comportamento diglósico e/ou minorizado. Unha grande parte deles presentan dificultades serias ou moi serias para falar con soltura en galego, pero sobre todo están moi condicionados polos modelos sociais que lles dificultan empregar a lingua galega en público, mesmo ós que teñen competencia para iso. Caso á parte son os de procedencia non galega; neste caso os modelos sociais rara vez os invitan a integrarse en galego por non lle resultaren atractivos. Comproban, ademais, que poden vivir perfectamente en castelán as 24 horas do día sen necesitar o galego máis que para asistir a unha materia e poder aprobala.

O seu uso do galego é, polo tanto, irregular; a ausencia de estímulos sociais e a falta de uso, os prexuízos persoais e sociais, o clima de conflito co se se trata acotío o tema, a animadversión por parte dalgún sector do profesorado e o alumnado... comportan dificultades para romper a falar en galego, así coma unha escasa demanda ou afirmación na lingua fronte ós outros estamentos da comunidade educativa. Ó tempo, a diversidade do alumnado e a variedade de referencias culturais e sensibilidades dificultan poder artellar un discurso que nos permita chegar a eles con claridade e eficacia.

Diante desta perspectiva, case coma un obxectivo de «mínimos», o que se pretende é que este noso alumnado tome conciencia do respecto a todos os códigos comunicativos e aprenda a apreciar os valores culturais inherentes a todo idioma, neste caso o galego. En boa parte conséguese e curiosamente a actitude destes alumnos cara ó galego resulta moitas veces máis positiva cá dos propios nativos, pola fala de prexuízos (que poden desenvolver con posterioridade por mímese dos seus compañeiros).

Serán as actividades normalizadoras, de dignificación, que comporten naturalidade, as relativas ós actos populares, pero tamén de cultura —sen caer no extremo da consideración do galego coma unha lingua «litúrxica»—, o exemplo dos outros membros da comunidade escolar (nomeadamente o profesorado), a realización de traballos desde a *transversalidade* (música, teatro, narrativa, deseño, comunicación, deporte, actividades científico-técnicas...) os que axuden a lograr un relativo grao de éxito no noso labor dinamizador e normalizador botando, asemade, man de procedementos tradicionais, pero tamen das novas tecnoloxías.

A situación lingüística do centro

O centro presenta unha situación lingüística na que conviven galego e castelán. Formal e informalmente o castelán é a lingua claramente maioritaria do centro polos motivos que sinalados en páxinas anteriores: centro ubicado nun dos eixos urbanos de Vigo, a procedencia urbana ou semiurbana do alumnado do IES, o mantemento dun forte (non sempre consciente) sentimento diglósico tanto de alumnado como de profesorado, a escasa colaboración normalizadora e dinamizadora do profesorado, ao incumprimento en moitos casos dos mínimos esixidos pola lei... Por outra banda, o galego está asociado só a usos que a lei prevé para o mesmo e non sempre se cumpren.

No que atinxe ás competencias podemos dicir que o galego na nosa comunidade escolar presenta unha competencia escrita aceptable-baixa e unha competencia oral deficiente ou moi deficiente. Os niveis competenciais —agás nalgúns excepcións— son claramente mellores en castelán por ser lingua de uso cotián entre o alumnado e a maior parte do profesorado, así como do persoal de administración e conxexería.

A compensación deste desequilibrio a favor da lingua dominante só corresponde nunha pequena magnitude ó EDLG, pero debe contar con moitas outras achegas que se botan en falta.

Desenvólvense en galego a documentación e comunicados oficiais e as materias que teñen que impartirse en galego, aínda que neste caso o cumprimento non sempre é o pactado e obrigado pola normativa vixente; a ANPA desde hai uns anos tamén se sumou á formalidade de redactar os seus escritos en lingua galega, feito que axuda no proceso dinamizador; a dirección tamén se implica e fai canto pode por axudar neste labor que debería ser de toda a comunidade educativa e de feito (tal como está fixado pola normativa) realiza as comunicacións formais internas e externas do centro en galego (agás naqueles casos contemplados pola lei).

En resumo, a situación lingüística do centro reflicte a realidade da propia cidade e os entornos familiares do alumnado, de modo que na radiografía que poidamos facer é o galego a lingua (moi) minorizada, froito da situación de diglosia da que parte. A radiografía tamén nos indica que a competencia é moito mellor nos eidos do saber pasivo ca no activo e mellor nas competencias escritas ca nas orais; pola contra, o castelán representa a lingua maioritaria, diglosicamente máis favorecida e con índices de competencias escrita e (especialmente) oral mellores.

A introdución progresiva dunha lingua estranxeira (especialmente o inglés) tampouco axuda no proceso de normalización e dinamización ó restar tempo de docencia ó galego, que se ve máis prexudicado na medida en que necesitaría máis presenza nos contidos curriculares. En realidade estase a establecer no noso (e outros moitos centros) unha escala de prestixio inglés – castelán – galego (de máis a menos), que non é máis que o reflexo dunha realidade sistémica e globalizadora contra a que cos medios e vontade que contamos é imposible loitar.

B) DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS

Obxectivos referidos á contorna do centro

- Garantir a posibilidade de convivir utilizando a lingua galega en calquera situación da vida cotiá fóra do espazo académico.
- Animar á utilización do galego no contorno familiar e social para traballar en prol da superación progresiva dos esquemas diglósicos e dos prexuízos asociados, así como da súa consecuencia máis inmediata, o rexeitamento do idioma galego e a súa minorización por parte da sociedade.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que rompa prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda na sociedade. Cómpre falar galego na rúa, na casa, nos centros comerciais...
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna en calquera das súas utilizacións (novas tecnoloxías informáticas e comunicativas).
- Lograr que tanto o ensino obrigatorio como post-obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa posible adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións no seo da sociedade tanto en contextos formais coma informais, para se proxectar nunha futura vida familiar e laboral.

-
- Dotar o galego dunha dimensión comunicativa e pragmática de xeito que sirva de vehículo para a expresión da afectividade, a creación literaria e, en xeral, da súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos sociais vivos e dándolle un protagonismo central nos contextos comunicativos de todos os días.
 - Promover o uso activo de cara ó exterior do centro de ferramentas que ofrecen as cambiantes tecnoloxías da información e comunicación en galego, en espazos que favorezan asociacións positivas e permitan ampliar o emprego da nosa lingua nas creacións e nos diversos intercambios dixitais.
 - Presentar a cultura galega e a súa lingua coma unha fiestra aberta coa que é posible conectar co mundo.
 - Propor o multilingüísmo como pauta para un modelo social culto e tolerante.
 - Comprender que o galego constitúe para toda a sociedade a nosa maior achega á cultura universal.
 - Facer ver a cultura galega como unha forma de ser e estar no mundo e o galego como o seu cauce natural de expresión.
 - Identificar o uso do galego cunha actitude diante da vida e un talante diante do mundo, que implica a asunción da cultura galega e a súa definición actual.

Obxectivos referidos ó profesorado

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Asegurar unha formación sociolingüística e psicopedagóxica dos docentes que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar.

-
- Facer o seguimento do (in)cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
 - Renovar a práctica didáctica nunha perspectiva comunicativa que se centre no uso lingüístico (especialmente no oral) e garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
 - Informar ós diferentes departamentos didácticos daquelas actividades de interese organizadas por diversas entidades e que se vehiculan en galego.
 - Orientar e axudar o profesorado das diferentes especialidades na solución de problemas e eivas de tipo lingüístico relacionadas coas súas materias e fornecelos na medida do posible das ferramentas e recursos necesarios para que poidan desenvolver con éxito o seu labor docente en galego.

Obxectivos referidos ó alumnado

- Aumentar o nivel de uso do galego entre o alumnado en contextos informais.
- Participar en todo tipo de manifestacións culturais que fagan comprender mellor a dimensión e importancia da conservación e fomento da lingua propia de Galicia.
- Elaborar produtos culturais de expresión persoal vehiculados en galego.
- Acadar unha participación significativa do alumnado nas actividades de fomento da lingua galega.
- Lograr a contribución do alumnado a unha cultura de centro en galego desde unha perspectiva persoal ou colectiva.
- Lograr que o ensino obrigatorio lle garanta unha boa competencia en lingua galega a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.

-
- Ofertar actividades de tipo cultural que lle permita ó alumnado acceder á cultura galega dun xeito atractivo e motivador.
 - Familiarizar o alumnado nas novas tecnoloxías co uso do galego como lingua vehicular e válida para os usos e necesidades da vida do século XXI, eliminando a posibilidade de «quedar atrás» o galego na carreira tecnolóxica, coa que se ten que ver relacionado. Tecnoloxía e galego deben poder ser identificadas e relacionadas se queremos que a lingua perviva.
 - Promover as iniciativas dos propios alumnos e convencelos da posibilidade de levalas a cabo en galego.
 - Evitar e denunciar a discriminación do alumnado (escaso) que ten como lingua vehicular o galego, feito que, desgraciadamente, non é estraño a esta comunidade escolar.
 - Facerlles ver ós alumnos e alumnas a posibilidade de mesturar os elementos lúdicos en calquera das súas manifestacións co uso do idioma galego, non só nas celebracións ou xogos autóctonos máis arraigados, senón naqueles que non lles son propios.
 - Comprender que o galego é o sistema comunicativo máis próximo e que non impide aceptar e dominar outros idiomas, sen ningún tipo de exclusións, como instrumentos comunicativos complementarios e enriquecedores desde o punta de vista lingüístico e cultural.
 - Comprender que o noso idioma é a achega máis grande que o noso país pode facer ó patrimonio cultural da humanidade, onde convive con outras 7.000 linguas, independentemente do número de falantes ou prestixio social engadido que poidan ter.
 - Facer comprender que non se pode identificar por defecto o feito de falar unha determinada lingua co de «ser culto/a», prexuízo moi común entre os nosos alumnos (e profesores) e a sociedade en xeral.

Obxectivos referidos ó centro

- Coidar de maneira especial o uso da lingua na plataforma educativa, actualizándoa e someténdoa ás pertinentes revisións.

-
- Ofrecer unha imaxe do centro no que a utilización do galego resulte cotiá e normalizada, sen problemas de confrontación directa.
 - Actuar sobre actitudes: vantaxes do plurilingüísmo, vantaxes da presenza do galego canda as outras linguas no centro.
 - Favorecer a actividade no centro como oportunidade para o intercambio cultural e persoal.
 - Aumentar a presenza da lingua e cultura galegas no centro.
 - Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando especialmente a súa presenza en todos os ámbitos da vida académica.
 - Trazar liñas de traballo que promovan a autoestima lingüística dentro e fóra da comunidade escolar.
 - Establecer relacións con persoas e entidades da contorna que colaboren na recuperación e dignidade da lingua.
 - Incidir sobre os pais en xeral e a ANPA en particular na necesidade de se incorporar decididamente ó proceso de fomento do emprego do galego nas actuacións tanto institucionais coma persoais.
 - Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar para vencer prexuízos cara ó galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
 - Fomentar o plurilingüísmo no centro, onde o galego apareza coma unha lingua de prestixio.
 - Impulsar un coñecemento oral e escrito suficiente da lingua galega por parte de todo o persoal escolar (docente e non docente) para que poida desenvolver o seu labor nesa lingua.
 - Garantir unha ampla oferta educativa en galego.
 - Facilitar información legal ós compoñentes da comunidade educativa relacionada coa lingua galega e o seu estatus.

-
- Fomentar o uso do galego a nivel oral por parte de todos os membros da comunidade educativa.
 - Conseguir que todas as instancias administrativas relacionadas coa educación se comprometan coa normalización do galego e xeneralizar o uso do galego como lingua habitual de todo tipo de actuacións administrativas, tanto orais como escritas.
 - Implicar o persoal non docente na súa actividade cotiá no uso do galego como vehículo comunicativo habitual e natural na vida do centro.
 - Procurar o aumento en cantidade e calidade da expresión escrita en galego.

C) DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Das actividades que se relatarán a seguir cómpre dicir que boa parte delas teñen carácter xeral, polo tanto, afectarán ós obxectivos referidos ós catro apartados tomados en consideración e outras ofrecen un carácter máis específico. Con todo e iso, a transversalidade e pluralidade na súa aplicación —desexables e mesmo inevitables— constitúen a tónica dominante no deseño das mesmas. A maioría das actividades son propostas realizadas xa en cursos anteriores con maior ou menor éxito, pero que poden non ser posibles para este curso académico se non se dan as circunstancias que posibilitaron a súa realización. Porén, é posible a incorporación de actividades non previstas se se dan as circunstancias favorables. Sirva pois como unha declaración de intencións.

Actividades relacionadas coa contorna do centro

- Participación e blogs e outros foros de intercambio de información, opinión, novas, comentarios, etc.
- Selección de noticias de prensa (revistas ou xornais) referidas á lingua galega e as súas manifestacións culturais. As novas e comunicados figurarán tanto na sección Normalización Lingüística da páxina web do IES á que poida ter acceso toda aquela persoa interesada, como nos taboleiros correspondentes distribuídos polo centro.

-
- Nova participación no Certame de Regueifas da comarca de Vigo do que levamos sendo gañadores nas tres últimas edicións.
 - Elaboración e distribución tanto dentro como fóra do centro da revista nº 6 da nova etapa d'*O Galo Millarengo*, realizada tanto en soporte papel como dixital.
 - Participación no evento Correlingua, no que participan numerosos centros da cidade.

Actividades relacionadas co profesorado

- Participación na elaboración de artigos para a revista nº 5 da nova etapa d'*O Galo Millarengo*, tanto en soporte papel como en soporte dixital.
- Servizo de asesoramento lingüístico dirixido ó profesorado de todas as materias co fin de resolver todo tipo de dúbidas e colaborar na mellor calidade lingüística da súa actividade docente.
- Participación en exposicións e eventos celebrados no centro relacionados coa lingua galega.
- Participación na dirección e suxestións de eventos relacionados coas súas materias e o galego.
- Participación, asesoramento a colaboración de profesores e profesoras de diferentes departamentos (EpeV, Música, Tecnoloxía, Lgel, Xeografía e historia, Ciencias naturais...) nos diferentes obradoiros relacionados coas materias que imparten.

Actividades relacionadas co alumnado

- Deseño, elaboración e publicación supervisada polo EDLG da revista *O Galo Millarengo* para o curso 2017-2018. A edición da revista será en soporte papel e tamén en soporte dixital. Preténdese facer —polo menos— un número anual, que verá a luz no mes de maio. Nesta actividade intentarase una participación activa de todos os membros do instituto, especialmente do sector do alumnado (todos os cursos).

-
- Participación nos obradoiros de regueifas que cada venres se realizan no centro baixo a dirección de Miguel Doiro Taboada (EDLG) entre os meses de outubro e marzo (alumnado de todos os niveis).
 - Asistencia ós obradoiros de regueifas organizados polo Excmo. Concello de Vigo e dirixidas por Pinto d'Herbón e Luís Caruncho en dúas sesión de hora e media. Asisten alumnos de todos os niveis.
 - Participación de alumnado de diferentes cursos no Certame de Regueifas que anualmente vén organizando o Excmo. Concello de Vigo e no que interveñen ó redor de 15 centros de Vigo e mesmo doutras partes de Galicia.
 - Participación no evento Correlingua 2018 (1º e 2º de ESO).
 - Participación en eventos lúdico-culturais como o Samaín, o Magosto, o Nadal. o Entroido... (todos os niveis educativos)
 - Participación en exposicións fotográficas (en concorrencia co profesorado) de diferentes temas relacionados coa nosa cultura.
 - Asistencia a charlas e conferencias relacionadas coa realidade sociolingüística do galego ou as súas manifestacións culturais. Este ano esperamos contar coa presenza, por unha banda, de xogadores do RC Celta de Vigo e a súa implicación no uso do noso idioma e, por outra con escritores como Manuel Rivas e Fran Alonso, así como calquera outro que poida participar. As charlas van dirixidas a todos os alumnos.
 - Participación no Certame do Día das letras galegas en todas as súas modalidades: narrativa, poesía banda deseñada e cartel conmemorativo do Día da Letras Galegas dedicado á figura de Manuel María (todos os niveis do centro).
 - Participación no festival de final do curso: recitado de poemas de Manuel María, interpretacións musicais referidas ó mesmo autor, música tradicional, montaxes audiovisuais... (todos os alumnos do centro)

- Asistencia ás proxeccións e posteriores debates sobre cine en galego que adoita organizar o Excmo. Concello de Vigo, normalmente dirixidas a alumnado de 4º de ESO e bacharelato e relacionadas con obras literarias.
- Asistencia a excursións de tipo pedagóxico relacionadas con aspectos da nosa cultura e especialmente a nosa lingua como parte sobranceira da mesma: viaxe polo Ourense da ruta *d'A esmorga* e visita previa ó mosteiro de Oseira; viaxe pola terra dos poetas e narradores: Celanova (Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro), Vilanova dos Infantes (X. L. Méndez Ferrín), para finalizar en Trasalba (Otero Pedrayo). Visita ó Museo do Mar para ver o pergamiño Vindel, viaxes literarias dirixidas a 1º e 2º de bacharelato.

Actividades relacionadas co centro

- Publicación da revista *O Galo Millarengo* para o curso 2017-1018. A edición da revista será en soporte papel e, posteriormente (se houber ampliacións), tamén en soporte dixital. Nesta actividade intentarase una participación activa de todos os membros do instituto, especialmente do sector do alumnado, pero tamén contaremos coas impagables achegas —como en anos anteriores os casos de Agustín Fernández Paz, Pepe Carreiro, Antón Dobao, Víctor Freixanes, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xardín Desordenado, Manuel Rivas, Fran Alonso, Antón Pulido, Román Raña...— de Darío Xohán Cabana, Ledica Costa, Manuel Veiga, Sechu Sende... e moitos outros personaxes dos eidos da cultura galega. Esta actividade traspasa os límites do propio centro e aglutina todos os estamentos do IES San Tomé de Freixeiro nun labor común do que o centro etá moi satisfeito e orgulloso.
- Reactivación, mantemento e actualización do espazo da páxina web reservado á normalización lingüística, onde se editará todo canto teña que ver co EDLG: información de actividades, xuntanzas, convocatorias, asesoramento lingüístico; enlaces a páxinas de interese (blogues, revistas, dicionarios, vocabularios, artigos...)
- Selección de noticias de prensa (revistas ou xornais) referidas á lingua galega e as súas manifestacións culturais. As novas e comunicados figurarán tanto na sección Normalización Lingüística da páxina web do IES como nos taboleiros correspondentes distribuídos polo centro.

- Recepción e arquivo do material dirixido ó EDLG.
- Actuación dun monoloxista, como nos dous últimos dous anos.
- Servizo de asesoramento lingüístico dirixido a todos os membros da comunidade educativa.
- Exposicións de todo tipo coordinadas polo EDLG.
- Charlas sobre cuestións de interese dirixidas a diferentes niveis educativos.
- Distribución de materiais diversos (camisolas, adhesivos, chapas, etc.) referentes á dinamización e animación lingüística.
- Exposicións fotográficas relacionadas con aspectos da lingua galega.

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES: SECUENCIACIÓN E ORZAMENTO

Á hora de realizar este proxecto a data exacta de desenvolvemento das actividades (se se chegan a convocar) aínda non se pode anunciar con exactitude. Algunhas actividades están pendentes de confirmación e doutras aínda non se pode especificar a data de celebración. A razón, en grandísima medida, reside en que, independentemente daquelas actividades que desenvolve directamente o EDLG coa axuda doutros departamentos, traballamos con outros axentes, tanto internos como externos: Concello de Vigo, ANPA, RC Celta de Vigo, museos, editoriais (nomeadamente Ed. Xerais e Galaxia), colaboradores externos (escritores, pintores, músicos...).

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO ACTIVIDADE	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	ORZAMENTO PREVISTO	MATERIAL
1º trimestre (outubro-decembro)	Obradoiro de regueifas no centro	EDLG	Comunidade escolar no seu conxunto	-----	-----
24 de outubro de 2017	Obradoiros literarios Proxecto Vigo Literario	NL Concello de Vigo Miguel Doiro EDLG LGeL Marina Suárez	4º ESO A	-----	Instalacións e material informático do centro


31 de outubro de 2017	Obradoiros literarios Proxecto Vigo Literario	NL Concello de Vigo Miguel Doiro EDLG LGeL Marina Suárez	4º ESO C	-----	Instalacións e material informático do centro
Do 30 de outubro ó 10 de novembro	Exposición: o Samaín	EDLG (Miguel Doiro)	Comunidade escolar no seu conxunto	-----	Material de papelería diverso e outros (cabazas...)
30 de outubro	Elaboración e impresión do cartel do Entroido 2017	EDLG (Miguel Doiro)	Comunidade escolar no seu conxunto	-----	Material de papelería e impresión
10 de novembro	Participación na elaboración do Magosto 2017	Vicedirección EDLG (Miguel Doiro)	Cursos de ESO	-----	Material de exposición e castañeiro achegadas polo centro
8 de novembro	Elaboración e impresión de cartel conmemorativo	EDLG (Miguel Doiro)	Comunidade escolar no seu conxunto	-----	Material de papelería e impresión
Decembro	Concurso de postais de Nadal con panxoliñas	EDLG, Departamento de Educación Plástica e visual, Vicedirección.	Comunidade escolar no seu conxunto	50 €	Libros ou/e CD's para os alumnos premiados
Segundo trimestre	Obradoiro de regueifas no centro	EDLG	Comunidade escolar no seu conxunto	-----	-----
16 de febreiro	Participación na celebración do entroido	EDLG, Vicedirección...	Comunidade escolar no seu conxunto	-----	Material achegado polo centro e o alumnado
9 de febreiro	O san Valentín: dillo cunha carta	EDLG, DLGeL, Vicedirección	Comunidade escolar no seu conxunto	60 €	Libros ou CD's para os premiados
Febreiro-marzo	Obradoiros de regueifeiros (2) (Os Carunchos)	Concello de Vigo, EDLG	Comunidade escolar no seu conxunto	-----	Instalacións do centro
Marzo de 2018	Participación no X certame comarcal de regueifas	NL Concello de Vigo, EDLG	Comunidade escolar no seu conxunto e entorno da cidade	-----	Transporte en autobús ó auditorio de Valadares
3º trimestre	Actuación dun monologuista	Vicedirección EDLG DLGeL	Comunidade escolar no seu conxunto	500 €	Instalacións e medios do centro
3º trimestre	Elaboración cartel do centro dedicado a M. ^a Victoria Moreno	EDLG	Comunidade escolar no seu conxunto	-----	Material de papelería
3º trimestre	Exposición de material da Xunta sobre M. ^a Victoria Moreno	Xunta de Galicia EDLG LGeL	Comunidade escolar no seu conxunto	-----	Material cedido pola Xunta
3º trimestre	Letras galegas: certame de carteis conmemorativos	EDLG, LgeL, EpeV e Vicedirección	Alumnado de ESO e bacharelato	120 €	Libros, material escolar, Cds... para os galardoados

3º trimestre	Letras galegas: certame de poesía	Vicedirección, EDLG e DLGeL	Alumnado de ESO e bacharelato	120 €	Libros, material escolar, Cds... para os galardoados
3º trimestre	Letras galegas: certame de narrativa	Vicedirección, EDLG e DLGeL	Alumnado de ESO e bacharelato	120 €	Libros, material escolar, Cds... para os galardoados
3º trimestre	Festival das Letras	Vicedirección, LGeL, EDLG, Música	Toda a comunidade escolar	-----	Medios do centro
3º trimestre	Publicación d' <i>O Galo Millarengo</i> Nº 7 da nova etapa	Vicedirección, EDLG VICEDIRECCIÓN et ALII	Toda a comunidade escolar (profesores, alumnos, pais, entorno ...)	800 €	Gastos de impresión en color
3º trimestre	Edición dixital d' <i>O Galo Millarengo</i>	EDLG	Toda a comunidade escolar de Galicia	-----	Medios do centro
TOTAL GASTOS				1.770 €	

Vigo, 15 de setembro de 2017

Visto e Prace: A Directora

O coordinador do ENDL:

Asdo.: María Rocío Sío Castiñeira

Asdo.: Miguel Doiro Taboada